


OBRA E AUTOR

: *O principião, de Antoine de Saint-Exupéry*



DE QUE VAI

: Un piloto de avión sofre un accidente no deserto, que o obriga a permanecer varios días estancado reparando a avaría. Durante eses días encóntrase e comparte as súas horas cunha personaxe estraña que lle conta unhas historias aínda máis estrañas: o principião.

TÍTULO

: Simple e moi obvio. O título fai referencia a unha das personaxes, que sen dúbida é o eixe central da historia, sen aportar absolutamente nada de información do que imos encontrar nas páxinas interiores.

ESTRUTURA

: Hai dous planos evidentes. A situación do piloto, que é tamén o narrador da historia, que serve de fío condutor, para meternos na historia do principião, que se desenvolve en outro plano distinto, anque inserido na historia do piloto, case como unha alucinación, salvo na última parte, onde as dúas historias conflúen máis claramente.

ARGUMENTO

: O argumento, un piloto encontra un neno no medio do deserto, que di vir dun planeta afastado e conta unha historia estrafalaria a máis non poder, parece dunha sinxeleza pasmosa, tanto que moita xente pode pensar que falamos de literatura infantil. De feito en moitas librarías para achar esta obra hai que mirar nos estantes de literatura para nenos. Pero ten trampa. O que nos conta o principiño o longo das escasas 120 páxinas (debuxos incluídos) parece moi lixeiro, pero agocha, precisamente grazas a súa sinxeleza e falta de concreción, un pensamento moito máis profundo e adulto.

CONCLUSIONES

As veces acontece neste faladoiro que chegamos cunha idea sobre un libro concreto, e cando nos levantamos, logo de falar extensamente sobre el, temos unha idea distinta. Está foi unha destas ocasións. Cando chegamos e comezamos alguén dixo que este libro lle parecera malísimo, pois a estrutura, os tempos, a linguaxe e en xeral a historia é tan pouco concreta, que non parece levar a ningún sitio. E todos parecíamos estar de acordo en que certamente era unha obra moi pouco precisa, como se o autor quixera con ela expresar un xeito de pensar, ou quizais unha filosofía de vida, mais non conseguira concretar estas ideas. Mais logo puxémonos a falar, e vimos en primeiro lugar que cada un e unha de nos había feito unha lectura diferente, co cal o debate, amigable como sempre, resultou moi enriquecedor.

Resumindo, podemos dicir que a superficialidade da historia non é tal, pois os pensamentos, expresados a través do principiño, aparentemente infantís, agochan unha crítica moi dura do autor á sociedade do seu tempo, e por desgraza perfectamente aplicable á actualidade.

Afondando, pódense facer moitas lecturas sobre diferentes partes da historia do principiño, pois o autor parece buscar enfoques diferentes para levarnos á mensaxe final; no noso faladoiro, houbo quen fixo por exemplo unha lectura do viaxe do principiño dende o plano da política, con eses planetas e os seus habitantes exemplarizando os diferentes sistemas políticos que había na época do autor, a primeira metade do s.XX, unha época sen dúbida moi convulsa. Mais houbo quen no mesmo percorrido do principiño encontrou un repaso a todos os males do ser humano: o egoísmo, a avaricia, a ambición desmedida, etc. E así con todas as partes da obra.

O que concluímos, no sen intenso debate, foi que a obra é unha enorme elipse, onde o autor tenta facernos ver ó final o mesmo que nos conta ó principio, que ó facernos adultos e abandonar, impulsados pola sociedade e as súas normas, a inocencia e moita da nosa humanidade, abandonamos tamén o camiño dereito, e volvémonos infelices. Ou quizais que



Faladoiro Literario.

Asociación Cultural Herminio Barreiro

os adultos somos responsables de facer que as próximas xeracións sexan mellores que a nosa, e non o estamos facendo. Ou quizais que a solución para os males deste mundo sexa recuperar a inocencia e a ollada infantil das cousas, moito máis simple que a complicación con que os adultos o vemos todo.

Teredes que ler o libro e sacar as vosas propias conclusións.

Como último apuntamento, o longo de todo o faladoiro, e o fío desta obra, abríronse debates paralelos, apaixoantes e apaixoados, sobre a educación regrada actual, ou sobre a crise de transmisión de valores que padecemos hoxe en día, un plus de valía para un libro que parecía sinxelo, cuns debuxiños que noutro caso non pasarían a historia, mais son coñecidos en todo o mundo. E o principiño, en conxunto, inda que non poidamos explicar ben por que, é unha obra universal.